

Agustín Fernández Paz

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ (Vilalba, 1947). Perito Industrial, Mestre, Licenciado en Ciencias da Educación. Traballa como profesor de Lingua e Literatura Galega no IES Os Rosais 2 de Vigo. Autor dunha longa obra narrativa en lingua galega, na súa maior parte traducida a todas as linguas ibéricas. Entre os seus libros, figuran títulos como: *As flores radiactivas* (Premio Merlín 1989), *Contos por palabras* (1991, Premio Lazarillo 1990; Lista de Honor do IBBY 1992; traducido ao francés pola editorial Joie du Lire), *Rapazas* (1993), *Trece anos de Branca* (Premio Edebé 1994), *Cartas de inverno* (Premio Rañolas 1995), *O centro do labirinto* (1997), *Cos pés no aire* (1999, Premio Raíña Lupa 1998), *Aire negro* (2000, Lista de Honor do IBBY 2002; Premio Protagonista Jove 2001 outorgado por lectores catarlans), *Noite de voraces sombras* (2003) ou *O meu nome é Skywalker* (Premio O Barco de Vapor 2003, incluído nos White Ravens 2003 da Internationale Jugendbibliothek de Múnic, traducido hai pouco ao coreano pola editorial Myung Jin). Entre os seus títulos máis recentes cóntanse *Tres pasos polo misterio*, *A escola dos piratas* (Premio Edebé Infantil) e *A fuxida do mar*. Tamén é autor de textos teóricos, como *Ler en galego*, *Para lermos cómics*, *Os libros infantís galegos*, *Os cómics nas aulas* ou *A literatura infantil e xuvenil en galego*, e de numerosos materiais didácticos.

311

Autopoética

Este espazo debera de estar ocupado pola miña autopoética, pero xa escribín unha hai algúns meses (apareceu no número anterior desta revista) e ségueme valendo ben, non estou en idade de cambiar de ideas con tanta rapidez. Quizais, dado que a miña presenza aquí é consecuencia da miña participación nunha mesa redonda sobre cine e literatura, o que debera de facer é falar da influencia do cine na miña vida (e, xaora, tamén no que levo escrito). Pero iso xa o fixen nas páxinas iniciais do meu libro *Amor dos quince anos, Marilyn*, e non lle vexo moito xeito a repetilas aquí. Delas só salvarei o poema onde está o verso que me serviu para o título, un poema memorable que me fascinou desde a mesma noite do 23 de abril de 1970, que foi o día en que saíu o libro, en Barral Editores, daquela eu vivía en Barcelona: *Nueve novísimos*, a escolma tan polémica de Castellet. Alí estaba este poema de Antonio Martínez Sarrión, que é a autobiografía de todos os da miña xeración que amamos o cine:

el cine de los sábados

maravillas del cine galerías
de luz parpadeante entre silbidos
niños con sus mamás que iban abajo
entre panteras un indio se esfuerza
por alcanzar los frutos más dorados
yvonne de carlo baila en scherezade
no sé si danza musulmana o tango
amor de mis quince años marilyn
ríos de la memoria tan amargos
luego la cena desabrida y fría
y los ojos ardiendo como faros

312

Do que vou falar aquí, xa que logo, é doutra historia, quizais de escaso interese: a da miña relación cos anuncios por palabras dos xornais. Aínda que é unha relación que xa vén de vello, para o que agora me interesa podo dicir que naceu no inverno de 1989, durante un período de baixa posterior a unha estada no hospital que non me gusta lembrar. Naqueles días, acostumaba pasear a diario polos camiños da zona que hai entre Mugar dos e Ares. Un día, sentado no valado que rodea o adro da capela románica de Lubre, ao ler polo miúdo os anuncios por palabras que aquel día traía *La Voz de Galicia*, foi cando me decatei de que aqueles breves textíños provocaban en min unha especie de fagonazo interior, convertido en metáfora visual na lámpada que logo Manuel Vigo me colocou enriba da cabeza na portada da primeira edición de *Contos por palabras*.

Excitado como só se está neses momentos nos que unha historia quere empezar a andar dentro da cabeza, ao chegar á casa comecei a recortar os anuncios que me provocaran esa sensación. E continuei facendo o mesmo en días sucesivos, ampliando a miña busca a outros xornais, como *El País* ou *El Ideal Gallego*. En pouco tempo reunín uns sesenta anuncios, todos eles cunha historia gardada que pedía ser escrita: “Necesítase limpiacristales profesionales”, “ICROM. ¿Desea usted encontrar su pareja?”, “Urge manicura”, “Llaves Unión. Duplicamos todas, con o sin muestra”, “Niños, spot TV” e outros de atractivo semellante.

Con ese conxunto de anuncios, púxenme a escribir un feixe de historias. E, como daquela o meu entusiasmo case non tiña límites, decidín que, ao escri-

bilas, intentaría unha peculiar proba de forza: que cada un daqueles contos tivese unha modalidade narrativa diferente: textos en primeira e terceira persoa, en estilo directo e indirecto, monólogos interiores, diarios, cartas, entrevistas, retallos de xornais, conversas telefónicas... Unha maneira de demostrarme a min mesmo que era capaz de plasmar na práctica todas as modalidades narrativas que eu coñecía pola teoría e polas miñas lecturas. O resultado, logo dunha selección rigorosa dos relatos que escribira, foi o libro *Contos por palabras*.

Despois desta experiencia, coidaba que a vía dos anuncios quedaba xa definitivamente cerrada. Pero en 1995, ano ben importante, porque o 28 de decembro se conmemoraba o centenario do nacemento do cine, volvíñ recarer. Alguns meses antes, como seguía decote a mirar os anuncios, atopeime con un ante o que era imposible resistirse: “En Celanova, por cierre de cine, se vende equipo de proyección completo y trescientas butacas.” E, se cadra no mesmo día, porque aparecen con frecuencia en *La Voz de Galicia*, con estoutro: “Se vende nicho en el cementerio de San Amaro”.

A imaxinación axiña se me disparou. Aquela era unha ocasión inmejorable para homenaxear o cine ao meu xeito. Escribín eses dous contos, e outros máis que axiña emparentei con algunhas das miñas películas preferidas. Así naceu *Amor dos quince anos, Marilyn*, un libro feito tamén a partir de anuncios, aínda que ben diferente do anterior: os contos son máis longos e complexos, e a escrita é menos espontánea.

Se pensaba que aí se acababa a miña relación cos anuncios, estaba equivocado: aínda quedaba un libro máis. Foi ao pouco de chegar a Vigo, embarcado na aventura de atopar un piso axeitado para vivir, o que me obrigaba a mirar case todos os días o *Faro de Vigo* e ler a sección dos anuncios dedicada á compra-venta de pisos. E foi nesas páxinas onde batín cun anuncio que noutras circunstancias nunca lería: “Se vende casa embrujada. Absténganse curiosos y bromistas. Teléfono tal, tal, tal”. O anuncio era unha invitación evidente a que me lanzase dunha vez a escribir a homenaxe a Lovecraft que andaba desexando facerlle desde os meus anos mozos en Barcelona, cando lin con abraio esa obra extraordinaria que é *Los mitos de Chutlbu*. O resultado foi unha novela que se chama *Cartas de invierno*, quizais o libro meu que máis xente leu.

Así que non creo necesario insistir en que os anuncios por palabras tiveron unha parte ben importante na miña obra. Que fosen precisamente estes textos

mínimos, é unha proba incuestionable de que dos xornais, coma dos porcos, todo se aproveita.

Nestes últimos anos, a sección de anuncios por palabras experimentou moitos cambios. Os anuncios curiosos desprazáronse agora a revistas especializadas, deixando para os xornais só os de inmobiliarias (qué vou dicir do terror hipotecario), as ofertas de emprego (poucas e escravistas) e, sobre todo, os anuncios de contactos. ¡Que mundo, o destes anuncios! Ás veces éntrame a nostalgia de non telos pillado antes, pois son un fervedoiro de historias que só están pedindo que alguén as conte. E, aínda que xa estou desengachado, pensei que non sería malo aproveitar este material riquísimo (mostra privilexiada, ademais, da hipócrita e farisaica dobre moral desta sociedade nosa) e despedirme dos anuncios cunha ollada irónica e cun aquel de nostálxica. É o que intentei no relato que vén a seguir.

Reflexións sobre a precariedade laboral

Unha vez lin que algunhas persoas pasan polo mundo sen conseguir entender nada nin da súa vida nin da época que lles tocou vivir. Eu coidaba que esas palabras non se me podían aplicar a min, sempre pensei que a miña vida tiña un sentido e que era eu quen levaba o control das cousas que me pasaban, pero agora teño motivos para crer que estaba equivocado. Equivocado, si, porque aquí me ten, só e sen traballo, intentando descubrir que foi o que me desviou do meu camiño. Por iso llo quero explicar, se me pode atender algúns minutos. Vostede parece boa persoa e xa non é un neno. Seguro que ten experiencia dabondo para entender o que eu, cego de min, non fun capaz de comprender.

Verá. Todo empezou cando asistín a un deses cursiños de formación que organiza a Consellería. Non é que tivese moitas ganas de facelo, a xornada laboral xa me chega ben, pero a dirección do centro vía con bos ollos que nos matriculasemos nalgún. ¿De que centro? ¡Ah, claro!, é que aínda non llo dixen. Verá: xa hai uns tres anos que entrei como profesor de Lingua no Colexio das Adoradoras de Belén. Un centro de moito prestixio, seguro que escoitou falar

del algunha vez. Un colexio que eu cualificaría de elite: todo o alumnado é das mellores familias da cidade, habería que buscar cun candil para atopar alguén de clase baixa ou da inmigración.

O caso foi que, entre os cursos que se propoñían, había un que me pareceu ben interesante: “A prensa nas clases de lingua”. Eu xa oíra de profesores que empregaban o xornal nas súas aulas e sempre me preguntara que farían con el. Así que me apuntei e alá fun. As sesións resultaron máis rutineiras do que eu agardaba. Falábannos de noticias, dos seis W, da importancia dos titulares, da ideoloxía dos periódicos... En fin, de temas que estaban ben e podían ter o seu interese, non digo que non, aínda que eu non era capaz de ver como podía encaixar todo aquilo nas miñas clases.

Unha tarde, os que daban o curso trouxeron un home de invitado, un tal Agustín nonseiqué, para que impartise a sesión daquel día. Era un tipo baixiño, xa maior, que coxeaba algo dunha perna. A penas lle quedaban catro pelos, e na cara o único que salientaba era un bigote que xa lle branqueaba e unhas gafas que non conseguían ocultar uns ollos encoveirados. A charla chamábase “Utilización didáctica dos anuncios por palabras”, un título ben pouco estimulante. Pero a asistencia era obrigatoria, así que me dispuxen a deixar pasar as horas o mellor que puidese.

O home comezou a falar e, confésoo, axiña tiven que cambiar a miña opinión inicial. Non por como falaba, que o facía de xeito atrapallado e perdendo o fío a cada pouco, senón polo que contaba. Resulta que, había xa algúns anos, ao tal Agustín déralle por recortar anuncios por palabras, deses pequenos que veñen nos xornais, e logo puxérase a escribir contos a partir deles. O caso é que despois, con eses relatos, fixera un libro que tivo moito éxito: *Contos por palabras*, non sei se oíu falar del. Déranlle non sei cantos premios, vendérase ben e traducíranos a outras linguas. Ata ao francés, mire o que lle digo, quen o había pensar dun libro escrito en galego! E tamén o meteran naquela “Biblioteca 120” que se publicou hai anos, onde din que están os mellores autores, aí foi onde o lin eu.


Pero xa me estou adiantando, déixeme ir por orde. O tipo aquel leunos algúns dos contos do libro e aínda nos fixo rir ben, porque tiñan a súa graza. A min conseguiu meterme o interese por lelos todos, así que aquela noite, cando chegue á casa, busquei entre os exemplares da Biblioteca 120. Eu xuntáraa toda, sabe?, porque os vendían moi baratos con *La Voz de Galicia* e tiñan

unha encadernación moi xeitosa. Non, non é pel, pero é unha imitación que se lle parece moito.

Busquei o libro, como lle dicía, e alí estaba, o número 78: *Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz. Lino dunha sentada, cada vez máis fascinado polo que acababa de descubrir. Ao rematalo, pensei: se a este home os anuncios lle deron tan bo resultado, ¿como non mo han dar a min? Desprecei a idea de escribir tamén eu contos, nunca tiven imaxinación para iso. O meu camiño tiña que ser outro, máis orixinal. Aquela noite, enfebreido pola emoción, decidín que utilizaría os anuncios para desenvolver as miñas clases. Estaba acabando o tema dos substantivos e para a seguinte semana tocábame falar de prefixos e sufixos. Un tema aburrido, sabíao doutros anos. Pero este curso non o sería, porque a vida, a vida auténtica, había irromper impetuosa na miña aula. Os meus alumnos ían descubrir a riqueza da vida que latexaba detrás daqueles anuncios mínimos e ignorados.

O domingo seguinte merquei catro ou cinco xornais. E despois pecheime na miña casa, disposto a preparar as clases da semana. ¡Resultou que o tal Agustín tiña razón! Había anuncios de sobra para traballar o meu tema, mesmo parecían escritos pensando na lección que eu debía desenvolver nos días seguintes. Retallei algúns daqueles anuncios e preparei con eles unha folla para dárllela aos alumnos como punto de partida. Velaquí teño unha copia, deixe que lla amose:

316



Non sei de que ri vostede, eu non lle vexo graza ningunha. Porque a idea era boa, vaia se era boa. Nada máis chegar, agrupei o alumnado en equipos e distribuíñ as fotocopias. Tras a sorpresa inicial –seguramente lles desconcertaba que abandonase a pedagogía tradicional e introducise propostas anovadoras–, os alumnos lanzáronse ao traballo cun entusiasmo que me emocionou. Non só entenderon con rapidez toda a variedade de prefixos e sufixos, senón que ademais propuxeron unha riquísima e orixinal ampliación. Construíron novos enunciados, idearon textos alternativos...; incluso algúns me pediron que lles permitise escribir relatos propios a partir deles. ¡Eu estaba entusiasmado! Xa intuía que a clase podía ir ben con aquela innovación, pero nin de lonxe imaxinara a fervenza de creatividade que aqueles poucos anuncios desataran. Aquel home do curso tiña razón, ¡aínda máis da que eu pensaba!

¿Que onde está o problema? Na clase non houbo ningún, xa llo acabo de explicar. O problema veu despois, ao día seguinte. Nada máis entrar no colexio, recibín o recado de que a directora quería verme. De contado pensei que a causa eran as clases da véspera; seguro que o éxito dos meus métodos xa chegara aos seus oídos e quería felicitar-me.

Entrei no despacho cun sorriso de orella a orella. Pero cortóuseme a alegría en canto sentei. A directora agardábame coa expresión máis seria que lle vira nunca, e diso que xa é unha muller que anda todo o día con cara de ferreiro. Diante dela tiña unha das fotocopias dos meus anuncios, e tamén un documento en papel oficial do centro. Mandoume sentar cun aceno e despois, xirándoo coa man, puxo o papel oficial diante de min. Sinalou a parte inferior cun dos seus dedos e díxome: “asine aquí”. Eu asinei, subitamente atemorizado, e quedei ollando para ela, co bolígrafo na man, sen saber que dicir.

Despois duns instantes de silencio insoportable, miroume cunha expresión estraña e díxome con voz rotunda: “Señor Castiñeiras, está vostede despedido. Dentro de dez minutos, quero velo fóra deste colexio para sempre. Se ten algo que alegar, fale cos nosos avogados. Eles tamén se encargarán de arranxar os papeis da indemnización.”

¿Que que fixen? ¡O mesmo que vostede faría! Recoller as miñas cousas e marchar, estaba demasiado confundido para intentar unha resposta. Ao día seguinte recibín unha chamada de Ameijide & Noguerosa, o despacho de avogados que leva os asuntos do colexio, citándome para unha entrevista aquela

mesma tarde. Foi na súa oficina cando por fin puideron saber as causas do meu despido: “Conduta inmoral e depravada, indución ao lenocinio e prácticas que atentan contra o ideario do centro”. ¡Que lle parece! ¡Depravación e lenocinio! E o peor foi que no xuízo, porque houbo un xuízo, ¿sabe?, o maxistrado deulles a razón en todo. ¡As que hai que oír! Claro que iso agora xa o entendo, pois despois souben que todos os seus fillos estudaran no colexio e que el mesmo era membro honorario da Asociación de Antigos Alumnos. Unha conxura, ¡dígollo eu! Os que controlan a sociedade desde a sombra forman unha casta pechada e protéxense entre si, e os demais aínda temos que dar as grazas porque nos deixen as faragullas do banquete.

¿Por que levo aquí sentado toda a tarde? Pois voulo confesar, hame entender ben despois do que lle levo contado. Verá: tras moitos intentos, por fin conseguín o enderezo do tal Fernández Paz. Vive aí enfronte, nun deses pisos, aínda que non sei en cal. E estou vixiando o portal, porque nalgún momento terá que entrar ou saír, non creo que faga vida de ermitán. E entón, cando o teña diante, hei ter unhas palabriñas con el. Unhas palabras, si, señor. Non se pode ir por aí enganando a xente, dicindo cousas que logo lle poden estragar a vida a calquera, como ma estragaron a min. ¡Heille dar eu anuncios, non lle van quedar ganas de miralos nunca máis! E aínda lle han quedar menos de participar en cursos e aproveitarse da boa fe das persoas. ¡Cómpre desenmascarar enredadores como ese Agustín! ¡É o menos que poden facer para que ningún incauto máis caia nas súas redes e se lle torza a vida para sempre!